

**ANUNCIO: ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DA XESTIÓN INTEGRAL DOS SERVIZOS QUE REQUIRA O IMCE PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN CULTURAL, DE ACTIVIDADES E DE FESTAS NAS DISTINTAS INSTALACIÓNS QUE XESTIONA O IMCE (TEATRO ROSALÍA CASTRO, COLISEUM, ALGUNHAS DEPENDENCIAS DO FÓRUM METROPOLITANO E DA ÁGORA) E OUTROS ESPAZOS, COMO A VÍA PÚBLICA OU O PAZO DA ÓPERA (NESTE ESPAZO DE FORMA OCASIONAL, EN TODO CASO CUN TOPE MÁXIMO ANUAL DE 54 DÍAS)**

O día 10 de marzo de 2015, o Consello Reitor do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (en diante, IMCE) adoptou, entre outros, o seguinte acordo: (...)A aprobación do expediente de contratación da prestación do contrato de servizos de xestión integral da execución dos servizos complementarios para a programación cultural e actividades do IMCE, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato, e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto (...).

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, preséntanse á adxudicación os seguintes licitadores:

- UTE Ilunion Outsourcing - Ilunion Limpieza y Medio Ambiente.
- Silman 97, SL.

Tras comprobar a documentación administrativa presentada, encoméndase ao director do Coliseum que valore se as ofertas cumpren as prescricións técnicas e valore os criterios que dependen dun xuízo de valor establecidos na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato. Unha vez realizadas as aclaracións oportunas polo Director do Coliseum, a Mesa de Contratación, por unanimidade, conclúe o seguinte:

1. Outorgar a seguinte puntuación nos criterios que dependen dun xuízo de valor:

- UTE Ilunion Outsourcing - Ilunion Limpieza y Medio Ambiente: 21,64 puntos
- Silman 97, SL: 12,71 puntos

2. Tendo en conta ditas puntuacións e o establecido no Prego de cláusulas administrativas regulador do contrato, na súa cláusula 17, na que se indica que “será rexeitada toda oferta que, na valoración final non obteña unha puntuación igual ou superior a 20 puntos”, excluir do procedemento a Silman 97, SL por non acadar a puntuación mínima esixida no Prego. (...)”

A Mesa procede a comprobar que a oferta presentada pola UTE axústase ao modelo descrito no prego de cláusulas administrativas regulador da licitación e que os prezos non superan os máximos establecidos no citado prego.

Comprobada que a oferta cumpre o establecido no prego, e sendo a única oferta que continúa na licitación é, polo tanto, a mellor oferta económica e a que aporta un maior número de horas complementarias de prestación de servizos. Así obtería a máxima

puntuación dos criterios cuantificables automáticamente, de acordo co disposto na cláusula 17. B. (60 puntos).

Estos 60 puntos máis os 21,64 puntos da cláusula 17.A, acordados na sesión anterior, farían un total de 81,64 puntos.

Así, a Mesa acorda por unanimidade requirir á UTE Ilunion Outsourcing - Ilunion Limpieza y Medio Ambiente, a documentación xustificativa de que reúne as condicións esixidas legalmente para contratar coa Administración, reseñada na cláusula 19 do prego de prescricións administrativas, así como a xustificación de constituir a garantía definitiva establecida na cláusula 10, que ascende a 62.952,18 €, por ser a súa oferta a máis vantaxosa.

Visto o cal, o Presidente do IMCE, en data 7 de decembro, en base ao acordo da Mesa de Contratación, resolveu: “Requerir, en base ao acordo adoptado pola Mesa de Contratación do IMCE en data 2 de decembro, á **UTE Ilunion Outsourcing - Ilunion Limpieza y Medio Ambiente**, por ser a súa oferta a economicamente máis vantaxosa na licitación mediante procedemento aberto para a contratación da prestación do contrato de servizos de xestión integral da execución dos servizos complementarios para a programación cultural e actividades do IMCE, para que, dentro do prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de constituír as garantías definitivas establecidas na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas particulares, que ascende 62.952,18 €, así como a documentación xustificativa de que reúne as condicións esixidas legalmente para contratar coa Administración, segundo a cláusula 11 do citado prego, como trámite previo á adxudicación do contrato, de acordo co art. 151.2 da citada lei.”

A entidade presentou a documentación solicitada no prazo facilitado ao efecto.

O día de hoxe, o Consello Reitor do IMCE adoptou o seguinte acordo:

“**PRIMEIRO.** - Adxudicar o contrato da prestación da xestión integral dos servizos que requira o IMCE para o desenvolvemento da programación cultural, de actividades e de festas nas distintas instalacións que xestiona o IMCE (Teatro Rosalía Castro, Coliseum, algunhas dependencias do Fórum Metropolitano e do Ágora) e outros espazos, como a vía pública ou o Pazo da Ópera (neste espazo de forma ocasional, en todo caso cun tope máximo anual de 54 días) á **UTE Ilunion Outsourcing - Ilunion Limpieza y Medio Ambiente**, por ser a súa oferta a económica e máis vantaxosa (a que incorpora a mellor oferta no conxunto de criterios), con estrita suxeición ao establecido nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que o regulan e o consignado na súa proposición, polos seguintes importes, IVE non incluído:

Vendedor de billetes	14,36 €
Técnico polivalente, xefe de sección ou equivalente	18,43 €
Técnico de luz e son	15,52 €

Sonidista (técnico especialista en son)	15,84 €
Tramoyista-maquinista	14,07 €
Técnico polivalente de oficiais de servizo ou análogos	14,07 €
Conserxería – portería	13,37 €
Carga e descarga	13,10 €
Modisto / planchador	13,37 €
Rigger	37,13 €
Auxiliar de catering	13,37 €
Runner	14,36 €
Carretilero	14,36 €
Acomodación e control de acceso	13,37 €

**SEGUNDO.-** Excluir do procedemento de contratación da prestación da xestión integral dos servizos que requira o IMCE para o desenvolvemento da programación cultural, de actividades e de festas nas distintas instalacións que xestiona o IMCE (Teatro Rosalía Castro, Coliseum, algunhas dependencias do Fórum Metropolitano e do Ágora) e outros espazos, como a vía pública ou o Pazo da Ópera (neste espazo de forma ocasional, en todo caso cun tope máximo anual de 54 días), a **Silman 97, SL**, con CIF B-15647803, por non acadar a puntuación mínima esixida no Prego.

**TERCEIRO. –** Notificar este acordo aos licitadores e publicalo no perfil de contratante do órgano de contratación.”

Este acordo é definitivo en vía administrativa, e contra o mesmo poderán os interesados interpoñer, potestativamente, o recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, regulado no art. 40 e seguintes do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. O procedemento de recurso iniciárase mediante escrito que deberá presentarse ante o órgano de contratación no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado. A interposición do recurso deixaría en suspenso a tramitación do expediente de contratación. Contra as resolucións ditadas neste procedemento non caberá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan contra as resolucións que se diten no procedemento principal.

Contra a resolución ditada neste procedemento só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto no artigo 10, letras k) e l) do apartado 1 e no artigo 11, letra f) do seu apartado 1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo desta cidade. O prazo para a súa interposición será de dous meses contados desde a resolución do recurso ou desde o día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa.

A Coruña, 29 de decembro de 2016

O Secretario, PD,

Ana María Canosa Camiselle  
Técnico de Administración do IMCE